



GRUPO MUNICIPAL

CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL
REXISTRO ENTRADA
2018-E-RC-2127
16/04/2018 09:34



M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a la creación de plans e liñas de actuación contra venta e o consumo de drogas na vía pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Socialista quere manifestar a súa preocupación pola relaxación existente na sociedade no referente á prevención do consumo de drogas entre os adolescentes.

Na actualidade, o consumo de substancias ilegais en España é un fenómeno asociado ao lecer, que afecta especialmente a mozos que toman por diversión substancias psicoactivas, cuxos riscos non perciben. Cannabis, marihuana, cocaína e éxtase son por esta orde as substancias ilegais máis inxeridas.

O emprego de cannabis, marihuana e cocaína incrementouse sobre todo no sector máis novo da poboación. Segundo os últimos datos do Plan Nacional sobre Drogas, o consumo de cannabis e de cocaína aumentou no noso país nun 50% na poboación adolescente. O incremento do consumo de cocaína é especialmente rechamante no caso dos estudantes de Ensinos Secundarios, sendo máis elevado entre os homes que nas mulleres, e increméntase conforme aumenta a idade dos escolares.


Este aumento do consumo podémolo constatar na Pobra cando vemos nalgúns lugares como se consomen e mesmo se trafica con elas. O máis grave desta situación é que este consumo e tráfico estase a realizarse no medio de adolescentes menores de idade.

Desde o Partido Socialista cremos que o Concello debe de abordar este grave problema e é por elo, que solicitamos que o Pleno adopte os seguintes

ACORDOS:

- A elaboración e promoción xunto cos responsables dos Servizos Sociais de plans que aborden este tipo de problemas na mocidade baseados na prevención e sensibilización, asistencia e integración social.
- A planificación xunto cos responsables policiais de liñas de actuación e vixilancia que eviten o tráfico e o consumo de drogas, especialmente entre os menores.

A Pobra do Caramiñal, 13 de abril de 2018.



Mª Teresa García Guillán

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL